



CONCELLOS

LÁNCARA

Anuncio

“Decreto.- Láncara, na data da sinatura electrónica á marxe.

Tendo previsto ausentarme do termo municipal o periodo comprendido entre os días 6 e 13 de agosto, de acordo co establecido nos artigos 63 da Lei de Administración local de Galicia e 47.1 e 2 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións locais.

Tendo en conta que se atopa tamén ausente o 1º Tenente alcalde, don Pablo Rivera Capón.

RESOLVO

Que me substitúa na totalidade das miñas funcións a segunda tenente alcalde, dona Begoña López Magdalena durante os días 6 a 13 de agosto.

Notifíquesele ós interesados.

Déase conta ao Pleno da Corporación e publíquese no BOP.

Mandao e asinao o señor alcalde, do que eu, secretaria dou fe”.

Láncara, 1 de agosto de 2019.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López

R. 2406

LUGO

Anuncio

Faise saber que ó abeiro da Ordenanza Fiscal Xeral o enderezo fiscal de cada contribuínte é único perante o Concello de Lugo e coincidirá co de empadramento, salvo notificación expresa ó Concello doutro diferente. Ó citado enderezo fiscal remitiránse todos os recibos do contribuínte

Asimesmo faise saber ós contribuíntes e interesados de que a partir do vindeiro día 20 de agosto e ata o 21 de outubro deste ano, ambos inclusive, pónse ó cobro, en prazo voluntario, o padrón de recibos correspondente ó ano 2019, dos tributos que de seguido se relacionan

- **Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica**
- **Taxa por Aproveitamentos Especiais da Vía Pública (Entrada de Vehículos- Vaos)**

Para o cobramento dos citados tributos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, éstos seránlles cargados nas contas bancarias respectivas o día 7 de outubro de 2019

Para o resto dos contribuíntes, os documentos de cobro seránlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pagamento en calquera oficina de Abanca, Caixabank, BBVA e Banco Sabadell . No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá persoarse nas oficinas municipais, sitas na Ronda da Muralla, nº 197- 2º andar (Facenda Local), para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectua-lo pagamento das débedas, poderase realizar o mesmo incrementado cun 5% de recargo executivo ata o día 20 de Novembro de 2019, utilizando o mesmo recibo, en calquera das oficinas de Abanca, Caixabank, BBVA e Banco Sabadell; todo elo sen perxuízo de que se poida iniciar o procedemento de constrinximento, co recargo, xuros e custas que se poideran producir

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria

Lugo, 30 de xullo de 2019.- A TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA, ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, Mercedes Paula Alvarellos Fondo

R. 2407

MEIRA

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO DO CONCELLO DE MEIRA (LUGO).

Acordo co establecido na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira o Pleno do Concello de Meira en sesión ordinaria de data de 2 de agosto do 2019 adoptou o acordo de aprobación do Plan Económico Financeiro para os exercicios 2019 e 2020.

O devandito expediente permanecerá exposto ao público durante o prazo de quince (15) días hábiles contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos da presentación de reclamacións segundo o disposto no artigo 23.4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Se ao remate do período de exposición pública non se presentaran reclamacións, o expediente considerárase definitivamente aprobado

Tamen a efectos exclusivamente informativos, unha copia do Plan Económico Financeiro estará a disposición do público desde a súa aprobación polo Pleno ata a finalización da vixencia do plan.

Meira, 2 de agosto do 2019.- O Alcalde Accidental, Agustín Méndez Moirón.

R. 2422

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DE NORMATIVA MUNICIPAL RELATIVA AO CENTRO DE ATENCIÓN RESIDENCIAL E DIÚRNA DO CONCELLO DE MEIRA (LUGO).

O Pleno do Concello de Meira, en sesión ordinaria celebrada o día 2 de agosto de 2019 adoptou acordo de aprobación inicial das seguintes normas relativas ao Centro de Atención Residencial (CAR) e Centro de Atención Diúrna (CAD):

- Regulamento de réxime interno do CAD, do Concello de Meira.
- Regulamento de funcionamento do CAR do Concello de Meira.
- Ordenanza para o acceso ao CAR e CAD.
- Ordenanza para o establecemento do prezo público na modalidade de atención residencial.
- Ordenanza para o establecemento do prezo público na modalidade de atención diúrna.

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 131 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta (30) días a contar desde o día seguinte da inserción de este anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido dito prazo non se presentan reclamacións, considerárase aprobado definitivamente dito acordo.

Meira, 2 de agosto do 2019.- O Alcalde Accidental, Agustín Méndez Moirón.

R. 2423

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

Faise público que o Pleno do Concello en sesión extraordinaria celebrada o día 8 de xullo de 2019 con motivo da organización municipal prestou aprobación ás seguintes propostas:

ESTABLECEMENTO DA PERIODICIDADE DE SESIÓNS DO PLENO.

Dáse conta da seguinte proposta da alcaldía.

Para unha maior operatividade do pleno, analizado o funcionamento do mesmo nos últimos anos, e visto o disposto no artigo 210.2.a) da lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, propono ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- O Pleno do Concello celebrará unha sesión ordinaria cada dous meses dentro do segundo mes de cada bimestre natural.

2.- O día concreto e a hora de celebración de ditas sesións será fixado polo Alcalde tendo en contra a mellor operatividade do concello, e comunicándollo os concelleiros cunha antelación mínima de 4 días.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Dáse conta da seguinte proposta da alcaldía.

Para a mellor eficacia e eficiencia no funcionamento do Concello e visto o disposto no artigo 22.4 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local, propono ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias do Pleno:

a) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.

b) A declaración de lesividade dos actos do concello.

c) A concertación das operacións de crédito das que a súa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento --agás as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior-- todo elo de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.

d) As contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento e, en calquera caso, os seis millóns de euros, así como os contratos e concesións plurianuais cando a súa duración sexa superior a catro anos e os plurianuais de menor duración cando o importe acumulado de todas as súas anualidades supere a porcentaxe indicada, referido ós recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio e, en todo caso, cando sexa superior á contía sinalada nesta letra.

e) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

f) A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento e, en todo caso, cando sexa superior a tres millóns de euros, así como as alleamentos patrimoniais nos seguintes supostos:

a. Cando se trate de bens inmobles ou de bens mobles que estean declarados de valor histórico ou artístico, e non estean previstas no orzamento. Cando estando previstas no orzamento, superen as mesmas porcentaxes e contías indicados para as adquisicións de bens.

g) As demais que expresamente lle confiran as leis.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

A Pobra do Brollón, 23 de xullo de 2019.- O Alcalde en funcións, Ricardo Rodicio González.

R. 2424

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 44 e 46 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, fanse públicas as Resolucións da Alcaldía sobre organización municipal das que se deu conta ao Pleno do Concello na sesión extraordinaria celebrada o día 08 de xullo de 2019.

NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE:

Tendo que nomear tenentes de alcalde para as funcións que lles son propias e para substituír a esta alcaldía nos casos previstos na lei,

RESOLVO:

1. Designar como Tenentes de Alcalde do concello da Pobra do Brollón aos seguintes concelleiros:

- Ricardo Rodicio González
- Manuel González Moreira

2. Aos Tenentes de Alcalde nomeados, previa aceptación do seu cargo, correspóndelles en canto a tales, substituír ao Alcalde na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións.

Mandouno e asina o alcalde D. José Luis Maceda Vilariño, na Pobra do Brollón, a dezanove de xuño de dous mil dezanove, do que dou fe.

DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS:

Para o mellor funcionamento do concello, esta alcaldía delegará as funcións que se indican. En consecuencia,

RESOLVO:

1. Establecer as seguintes delegacións:

Concelleiro	Delegacións
Manuel González Moreira	Obras, medio rural e servizos
Ricardo Rodicio González	Cultura, deportes, turismo e medio ambiente
Josefa Rodríguez Rodríguez	Concelleira delegada de servizos sociais e benestar
Mónica Rodríguez Vázquez	Organización de eventos

2. A alcaldía se reserva a competencia directa en persoal, economía, promoción económica, urbanismo servizos sociais/Benestar.

As citadas competencias inclúen as funcións de xestión, supervisión e dirección e proposta de gasto.

3. As demais funcións delegables da Alcaldía que prevé a lexislación se delegan na Xunta de Goberno Local.

Mandouno e asina o alcalde D. José Luis Maceda Vilariño, na Pobra do Brollón, a vinte e cinco de xuño de dous mil dezanove, do que dou fe.

MEMBROS XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Estando prevista no Regulamento Orgánico do concello a existencia de Xunta de Goberno Local, e visto o establecido no artigo 23.1 da lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 41.3 do Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais,

RESOLVO:

Nomear como membros da Xunta de Goberno Local do concello da Pobra do Brollón aos concelleiros que se indica.

- Manuel González Moreira
- Ricardo Rodicio González
- Josefa Rodríguez Rodríguez

Mandouno e asina o alcalde D. José Luis Maceda Vilariño, na Pobra do Brollón, a vinte e cinco de xuño de dous mil dezanove, do que dou fe.

A Pobra do Brollón, 23 de xullo de 2019.- O Alcalde en funcións, Ricardo Rodicio González.

R. 2425

XERMADE

Anuncio

ASUNTO: DEDICACIÓNS PARCIAIS, ASISTENCIAS E DIETAS.

Consonte ao artigo 38 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Pleno do Concello de Xermade, na sesión extraordinaria celebrada o 15 de xullo de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Recoñecer unha dedicación parcial de 30 horas/semana, cun soldo bruto anual de 20.400 euros en 12 pagas (soldo bruto mensual de 1.700 euros), a partir do 1 de agosto de 2019, á Alcaldía-Presidencia.

Esta cantidade se incrementará anualmente na porcentaxe que o Goberno fixe na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para os empregados públicos.

Segundo o artigo 75.2 da Lei de Bases do Réxime Local, os membros das corporacións locais que sexan persoal das Administracións Públicas unicamente poderán percibir retribucións pola súa dedicación parcial fora da xornada de traballo, nos termos fixados no artigo 5 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, sen prexuízo do disposto no apartado sexto do presente artigo.

O artigo 5.2 da lei 53/1984, de incompatibilidades do persoal, establece que a Administración na que preste servizos o membro da corporación local en réxime de dedicación parcial e a propia corporación deberán comunicarse reciprocamente a xornada de traballo e as retribucións percibidas, e as modificacións que se leven a cabo.

Sendo que o Alcalde é funcionario da Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Axente Facultativo, grupo C, o Pleno acorda a súa compatibilidade ao non incorrer en ningún dos supostos previstos na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas, e ao non perxudicar ao horario establecido para esta dedicación.

Supérase o límite do 45% das retribucións do posto principal previsto no art. 7 da Lei 53/1984, de incompatibilidades do persoal, en base a razóns de especial interese para o servizo, dado que o desempeño do cargo de Alcalde, coas atribucións e responsabilidades que ten conferidas na actual organización municipal, require unha dedicación parcial de 30 horas/semana e as retribucións estipuladas.

Tal e como establece o artigo 13.4 do RD 2.568/1986 (ROF) o nomeamento dun membro da Corporación para un destes cargos só suporá a aplicación do réxime de dedicación exclusiva ou parcial se é aceptado expresamente por aquel, en cuxo caso esta circunstancia será comunicada ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

SEGUNDO.- Recoñecer unha dedicación parcial de 12 horas/semana, cun soldo bruto anual de 7.200 euros en 12 pagas (soldo bruto mensual de 600 euros), a partir do 1 de agosto de 2019, á Concellería delegada de Medio rural, Emprego, Infraestruturas de Auga, Sumidoiro, Alumeado Público e recollida de RSU, Medio ambiente e Forestal.

Esta cantidade se incrementará anualmente na porcentaxe que o Goberno fixe na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para os empregados públicos.

Tal e como establece o artigo 13.4 do RD 2.568/1986 (ROF) o nomeamento dun membro da Corporación para un destes cargos só suporá a aplicación do réxime de dedicación exclusiva ou parcial se é aceptado expresamente por aquel, en cuxo caso esta circunstancia será comunicada ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

TERCEIRO.- Os membros da Corporación que non desenvolvan cargos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial percibirán, pola concorrencia efectiva dos/das concelleiros/as ás sesións e xuntanzas dos órganos colexiados municipais dos que formen parte, as seguintes contías:

- Pleno: 60,00€
- Xunta de Goberno Local: 100,00€
- Comisión Especial de Contas, Mesas de Contratación, órganos colexiados externos e outros órganos previstos en regulamentos e/ou ordenanzas municipais: 40,00€

No caso de celebración de dúas ou máis sesións dun órgano colexiado no mesmo día, unicamente se abonará a contía correspondente á asistencia de maior importe.

CUARTO.- Aprobar inicialmente a modificación da base 28.3ª das de execución do orzamento xeral para o exercicio 2019 coa finalidade de adaptala ao presente acordo e aplicar as normas de publicidade a que se refire o artigo 169 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei de facendas locais.

QUINTO.- Publicar este acordo no BOP, no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello de Xermade."

O que se fai público para xeral coñecemento.

En Xermade, a 31 de xullo de 2019.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2409

Anuncio

ASUNTO: NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES EN ÓRGANOS COLEXIADOS EXTERNOS.

Consonte ao artigo 38 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Pleno do Concello de Xermade, na sesión extraordinaria celebrada o 15 de xullo de 2019, adoptou o seguinte acordo:

"**PRIMEIRO.-** Nomear aos Concelleiros representantes desta Corporación nos seguintes órganos colexiados externos:

- CEIP de Xermade: Dª. Verónica Amarello Morado (titular) e Dª. Nélica Coira Pena (suplente).

- Asociación de Desenvolvemento Local da Terra Cha: D. Roberto García Pernas (titular) e D^a. Verónica Amarelo Morado (suplente).

-Reserva da Biosfera Terras do Miño: D. Roberto García Pernas (titular) e D. José Prieto Barro (suplente).

-Consortio Lugo e Terra Cha: D. Roberto García Pernas (titular) e D. José Prieto Barro (suplente).

-Consortio Galego de Igualdade e Benestar: D. Roberto García Pernas (titular) e Nélica Coira Pena (suplente).

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos Concelleiros designados e ó resto de organismos.”

O que se fai público para xeral coñecemento.

En Xermade, a 31 de xullo de 2019.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2410

Anuncio

ASUNTO: CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.

Consonte ao artigo 38 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Pleno do Concello de Xermade, na sesión extraordinaria celebrada o 15 de xullo de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“**PRIMEIRO.-** Constituír a Comisión Especial de Contas, xa que a súa existencia é obrigatoria, a quen lle corresponderá o exame, o estudo e o informe da Conta Xeral e das demais contas anuais, e que estará composta acomodar a súa composición á proporcionalidade existente entre tódolos grupos políticos representados na Corporación, propoño a seguinte composición:

a) PSdeG-PSOE: tres (3) membros, incluído ao Alcalde

b) PP: un (1) membro

Será Presidente nato o Sr. Alcalde, podendo delegar a Presidencia nun dos membros da Comisión Informativa, a proposta da propia Comisión e mediante elección no seu seno.

SEGUNDO.- As sesións ordinarias da Comisión celebraranse con anterioridade ó pronunciamento do Pleno sobre as contas anuais, e nos días e horas que fixe a Alcaldía. Poderanse asemade convocar sesións extraordinarias nos termos recollidos no artigo 134 do ROF.

TERCEIRO.- A adscrición concreta á Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarse mediante escrito do Portavoz do mesmo dirixido ao Alcalde, e do que se dará conta ó Pleno. Poderá designarse, de igual forma, un suplente para cada titular. “

O que se fai público para xeral coñecemento.

En Xermade, a 31 de xullo de 2019.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2411

Anuncio

ASUNTO: PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DOS PLENOS.

Consonte ao artigo 38 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Pleno do Concello de Xermade, na sesión extraordinaria celebrada o 15 de xullo de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“**PRIMEIRO.-** O Pleno celebrará sesión ordinaria cada dous meses, o segundo xoves de cada mes par (febreiro, abril, xuño, agosto, outubro e decembro), ás 20:00 horas.

Se o día sinalado fose festivo, a sesión celebrarase o día hábil anterior a aquel, á mesma hora.

SEGUNDO.- Consonte co anterior, o Pleno celebrará a súa primeira sesión ordinaria o vindeiro 8 de agosto de 2019.”

O que se fai público para xeral coñecemento.

Xermade, 31 de xullo de 2019.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2412